

CAMBIA A TÚA NÓMINA PARA UNHA CAIXA OU BANCO QUE USE O GALEGO

A Mesa pola Normalización Lingüística comeza unha campaña para que os bancos e caixas de aforro utilicen o idioma galego en todas as súas actividades.

Consideramos que é unha irregularidade fóra de tempo que estas entidades vivan de costas á lingua propia de Galiza, entre outras cousas porque proporcionan unha atención máis que deficiente, de segunda categoría, aos clientes que queremos ser atendidos en galego.

Ideamos unha proposta moi sinxela. **Reuniremos o máximo número posíbel de persoas que estexan dispostas a cambiar a súa nómina para aquela entidade que se comprometa a dar pasos importantes na súa galeguización.**

Esta campaña resultará moi efectiva se contarmos co teu compromiso individual, que ademais podes ampliar á túa empresa, ou á entidade social, do tipo que sexa, na que participes ou traballes.

Non esquezas que cando mudas de banco ou caixa, son eles os que se encargan de tramitar todos os cambios de domiciliación de cobros e pagamentos de recibos, e que tamén lles interesa negociar os cambios de hipotecas e empréstitos. Mais tampouco existe ningún problema para que cambies a nómina e que o empréstito fique na vella entidade.

Só necesitamos que nos envíes os datos que aparecen no cartón adxunto ao Apartado 247 - 15705 Santiago de Compostela.



OS TEUS COMPROMISOS E OS DA MESA

- 1 | Cando asinas o documento adxunto só manifestas a intención de facer o cambio de entidade financeira. Evidentemente ti tes a última palabra sobre a aceptación ou non, dependendo de se che interesan as condicións que negocie individualmente contigo a nova entidade.
- 2 | A Mesa pola Normalización Lingüística negociará o compromiso de galeguización con cada unha das empresas bancarias e caixas de aforros.
- 3 | A Mesa pola Normalización Lingüística negociará para os novos clientes as máximas vantaxes, económicas e de xestión, tamén que melloren as condicións existentes actualmente no mercado.
- 4 | A Mesa pola Normalización Lingüística entregará os datos que nos envías no cartón adxunto á entidade ou entidades que se comprometan a levar a cabo a galeguización, e de entre elas, ás que ofrezan as mellores vantaxes económicas e de xestión.
- 5 | A Mesa pola Normalización Lingüística garante que os datos que nos envías serán manexados coa máxima discreción e que tampouco serán entregados a ningunha entidade que non cumpra cos requisitos anteditos.